

**A GUARDA****A N U N C I O**

Con data 2 de agosto de 2013 dictouse a seguinte resolución da Alcaldía:

“Ausentándome a partir do 5 de agosto de 2013 e non podendo por elo desempeñar as funcións de Alcalde, en uso das facultades que me confiren os arts. 21 e 23 da Lei 7/1985 reguladora de Bases de Réxime Local, o artigo 65 da Lei de Administración Local de Galicia e o artigo 47.2 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais

Resolvo:

1.—Delegar as competencias plenas da Alcaldía, dende o 5 de agosto de 2013 ata a revocación da delegación, no primeiro tenente de alcalde deste concello don Miguel Ángel Español Otero.

2.—Publicar esta resolución no Boletín Oficial da provincia.

3.—Dar conta ó Pleno na primeira sesión que se celebre”

A Guarda, 2 de agosto de 2013.—O Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas.

**2013007233**

\* \* \*

**O GROVE****E D I C T O**

Doña Beatriz González Álvarez solicitou licenza municipal de actividade para a instalación e apertura dun centro de ocio infantil (expte. 45/13), que se situará na rúa Rosalía de Castro nº 6 - baixo. En cumprimento co disposto no artigo 8.3 do Decreto 133/2008, do 12 de xuño, de avaliación da incidencia ambiental, sométese a información pública, por un prazo de vinte días, para que todas as persoas que se encontren afectadas poidan examinar o expediente no departamento de Urbanismo e formular por escrito as alegacións que consideren pertinentes.

O Grove, 22 de xullo de 2013.—O Alcalde, Miguel Ángel Pérez García.

**2013007232****ANUNCIO DE LICITACIÓN****1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

Datos xerais e datos para obtención da información:

- a) Organismo. Concello do Grove.
- b) Dependencia que tramita o expediente. Secretaría.
- c) Obtención de documentación e información:
  - 1) Dependencia. Secretaría.
  - 2) Domicilio. Edificio Administrativo. Rúa Cándido Acuña, nº 3
  - 3) Localidade e código postal. O Grove (36980)
  - 4) Teléfono. 886 21 21 86
  - 5) Telefax. 986 73 13 58
  - 6) Correo electrónico. [tecnica@concellodogrove.com](mailto:tecnica@concellodogrove.com)
  - 7) Dirección de Interne do perfil do contratante. [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)
  - 8) Data límite de obtención de documentación e información. Ata o último día do prazo de presentación de ofertas.
- d) Número de expediente. 7/2013.

**2. OBXECTO DO CONTRATO:**

- a) Tipo. Xestión de servizos públicos
- b) Descrición: Contrato de xestión do servizo público pola modalidade de concesión do contrato de prerecollida e recollida selectiva, transporte e tratamento do papel-cartón de porta a porta, papel-cartón, vidro e envases lixeiros, así como, a xestión e explotación do punto limpo, transporte e tratamento dos residuos deste, e a recollida de enseres, transporte e tratamento destes.
- c) Lugar de execución:
  - 1) Domicilio. O Grove
  - 2) Localidade e código postal. O Grove (36980)
- d) Prazo de duración. 10 anos.
- e) Admisión de prórroga. Prevese unha posibilidade de prórroga de dous anos ao remate da duración do contrato.

**3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:**

- a) Tramitación. ordinaria
- b) Procedemento. Aberto.
- c) Criterios de adxudicación. Os previstos no prego de condicións.

**4. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:**

- a) Importe anual, sen IVE: 134.545,45. Valor estimado do contrato, incluída eventual prórroga: 1.614,545,40 euros, sen IVE.  
IVE aplicable: 10%.

**5. GARANTÍAS ESIXIDAS.**

Provisional: Non se esixe.

Definitiva : 5 por cento do prezo de adxudicación, excluído o IVE.

**6. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:**

- a) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional, no seu caso. De acordo co establecido no prego de condicións administrativas.
- b) Outros requisitos específicos. Non se prevén.

**7. PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:**

- a) Data límite de presentación. Durante o prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no BO da Provincia de Pontevedra, de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas e sábados de 9:30 a 12:30 horas. Se o prazo rematase en sábado ou festivo ampliaríase ao día seguinte hábil, que non fose sábado.
- b) Modalidade de presentación. Presencial ou por correo
- c) Lugar de presentación:
  1. Dependencia: Rexistro xeral.
  2. Domicilio: Edificio Administrativo, Rúa Cándido Acuña nº 3
  3. Localidade e código postal: O Grove (36980)
  4. Dirección electrónica: [www.contratosdegalicia.es](http://www.contratosdegalicia.es)

**8. APERTURA DE OFERTAS:**

- a) Descrición.
- b) Dirección. Casa do Concello, Praza do Corgo, 1
- c) Localidade e código postal. O Grove (36980)
- d) Data e hora. Anunciarase no perfil do contratante.

**9. GASTOS DE PUBLICIDADE**

Máximo 3000 euros, por conta do contratista.

O Grove, 5 de agosto de 2013.—O alcalde, Miguel Angel Pérez García.

**2013007392**

\* \* \*

**LALÍN****A N U N C I O**

O Concello de Lalín convoca a xudas para a realización de actividades deportivas conforme ás seguintes bases aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 7 de agosto de 2013.

**BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS  
PARA ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA O ANO 2013**

Esta convocatoria ten por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións, durante o exercicio 2013, destinadas a desenvolver actividades e programas que, organizados por e para colectivos cidadáns do municipio legalmente constituídos ou cidadáns a título individual, contribúan ao cumprimento dos obxectivos de promoción e fomento da actividade deportiva na súa máis ampla expresión, referida tanto ao desenvolvemento das actividades propias dun clube deportivo como á realización dun evento ou actividade deportiva concreta.

**1.—FINALIDADE E OBXECTO DA SUBVENCIÓN.**

1.1.—O obxecto das subvencións reguladas nas presentes bases é a concesión de axudas a Asociacións e Clubes Deportivos que faciliten e fomenten a participación cidadá en distintas actividades de carácter deportivo dentro do termo municipal de Lalín. Para elo poderán subvencionarse actividades relacionadas coa promoción e fomento do deporte, a organización e xestión de actividades deportivas e os gastos nos que incorran ditas entidades no desenvolvemento das súas actividades deportivas.

1.2.—O procedemento de concesión das subvencións establécese de conformidade ao disposto no artigo 25 da Lei 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; no Regulamento de Servizos das Corporacións Locais; na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia; na Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, así coma na Base 25 de Execución do Presuposto do Concello para o exercicio 2013, e respectando o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

1.3. Convócanse subvencións polo seguinte importe e con cargo ao crédito consignado na seguinte aplicación orzamentaria:

| <i>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</i> | <i>IMPORTE GLOBAL</i> | <i>FINALIDADE</i>                    |
|--------------------------------|-----------------------|--------------------------------------|
| 341.489.00                     | 30.000,00 €           | Subvencións a actividades deportivas |